

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 20**

### **SESION EXTRAORDINARIA DO 3 DE DECEMBRO DE 2007**

#### **ASISTENTES**

Excmo. Sr. Alcalde	
Abelairas Rodríguez, Isaura	Iglesias Bueno, Marta
Alonso Pérez, Fco. Xabier	Lago Rey, María Jesús
Calviño Rodríguez, Xulio	Larriba Leira, Elvira
Coello Bufill, Antonio	López Atrio, Laura
Comesaña Abalde, Carlos	López Carreira, Xesús
Conde Gil, Jorge	López Font, Carlos
Díaz Vázquez, Raquel	Martiño Gómez, Antonio
Domínguez Olveira, Santiago	Méndez Piñeiro, María
Fidalgo Iglesias, Miguel	Molares Pérez, Lucía Emilia
Figueroa Vila, José Manuel	Porro Martínez, María Corina
García Míguez, María Ángeles	Rivas González, Angel
González Sagarra, Javier Pablo	Rodríguez Díaz, Santos Hector
Guerra Fernández, Javier Jorge	Veloso Ríos, Iolanda

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e oito minutos do día tres de decembro do ano dous mil sete, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Porro Martínez, Rivas González, Rodríguez Díaz e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non están presentes ás membros da Xunta de

Goberno Local Sras. Maure Noia e Silva Rego. Está presente o Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar los asuntos da orde do día.

INTERVENCIÓN DO SR. FIGUEROA VILA: Sr. Alcalde, cuestión de orde. É a primeira vez que non se convoca á Xunta de Voceiros para tratar a orde do día dun Pleno, supoño que será dentro da política que seguen vostedes. Parécenos outro grave erro de escurantismo e de falta de transparencia que ó grupo maioritario da oposición non se lle convoque á Xunta de Voceiros. Coido que non hai precedentes nos últimos dez ou quince anos da historia deste Concello. Alá vostedes.

A PRESIDENCIA: Gracias Sr. Figueroa. Queda constancia da súa protesta.

ÚNICO.(171) RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS FORMULADAS ÁS MODIFICACIÓNS DAS ORDENANZAS FISCAIS E PREZOS PÚBLICOS PARA O EXERCIZO 2008 E APROBACIÓN DEFINITIVA.

ANTECEDENTES.- O Pleno do Concello, en sesión ordinaria do día 24 de setembro de 2007, aprobou inicialmente a modificación das ordenanzas fiscais e de prezos públicos para o exercicio 2008.

Con data 22 de novembro, a directora de Ingresos, coa conformidade da concelleira delegada de Economía e Facenda e máis do interventor xeral, informa do que segue:

"No Boletín Oficial da Provincia do 27 de setembro de 2007 e na prensa local con data 5 de outubro de 2007, foron publicados senllos anuncios de exposición pública dos acordos provisionais adoptados en sesión plenaria de 24 de setembro de 2007 sobre Modificacións de Ordenanzas Fiscais e de Prezos Públicos contidas nos puntos 3 a 27 da orde do día, todo isto de conformidade co artigo 17.2 do RDL 2/2004 do 5

de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Durante o período de exposición pública de trinta días hábiles comprendidos entre o día 28 de setembro e 3 de novembro pasado, tiveron entrada no rexistro xeral as seguintes alegacións:

- Documento nº 70110231 con data de entrada no Rexistro Xeral do 4/10/07 constitutivo da alegación asinada por D. José Angel Álvarez Moreira con DNI 29777783.
- Documento nº 70119650 con data de entrada no Rexistro Xeral do 20/10/07 constitutivo da alegación asinada por D<sup>a</sup> Margarita Belén Rubido Bará con DNI 36120490 en calidade de Presidenta da Asociación Fontaiña (Voluntariado e Medio Ambiente).
- Documento nº 70121928 con data de entrada no Rexistro Xeral do 31/10/07 constituído por alegación-corrección de carácter técnico formulada por M<sup>a</sup> Jesús Magdalena Vila na súa condición de Directora de Ingresos do Concello.
- Documento nº 70122390 con data de entrada no Rexistro Xeral do 02/11/07 constitutivo da alegación formulada por D<sup>a</sup> Lucía Molares Pérez, voceira suplente do Grupo Municipal do Partido Popular en representación do citado grupo municipal.

Fora de prazo, tivo entrada no Rexistro Xeral con data 08/11/07 documento nº 70124721 asinado por D. Telesforo Crespo Buján con DNI 1.320.154

De conformidade co artigo 73 da lei 30/92 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común, procede a acumulación das alegacións nun só expediente por *“gardar entre elas identidade substancial e íntima conexión...”*

O contido da alegación documento nº 70110231 alude á modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas por prestación de servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais para 2008.

O contido da alegación documento nº 70119650 afecta ás bonificacións no imposto de vehículos de tracción mecánica. Solicita á incorporación a partir do exercicio 2008 dun incentivo plurianual expresado en bonificación no artigo 4 da ordenanza fiscal para vehículos híbridos homologados de fábrica (motor eléctrico-gasolina, eléctrico-diesel ou eléctrico-gas), motivando a súa solicitude en *“mellorar a calidade de vida e salubridade do noso entorno e incentivar as boas decisións dos cidadáns en termos de responsabilidade e sensibilidade medioambiental...”*.

Dende o punto de vista legal, a proposta formulada nesta alegación atopa amparo no artigo 95, apartado 6), do RDL 2/2004 polo que se aproba o TR da Lei reguladora das Facendas Locais.

Segundo instrucións da Sra. concelleira delegada de Economía e Facenda estímase a alegación nº 70119650 nos termos que constan na proposta.

A alegación documento 70121928 propón corrixir a redacción do apartado 2D da estrutura de tarifas da ordenanza fiscal reguladora das taxas de recollida do lixo especificando no título, o texto do código 144 vixente e, así mesmo, aclarando que se devenga unha cota por cada local ou establecemento de forma que o *“importe da facturación superior a 1 millón de euros”* determina a que actividades é aplicable este apartado pero deixando sen dúbidas interpretativas a aplicación deste apartado D igual que nos apartados B e C anteriores, isto é, unha cota por cada local ou establecemento.

Esta alegación propón, igualmente, especificar nos artigos 57 e 63 da ordenanza fiscal xeral o órgano competente para ditar actos administrativos de carácter tributario. Segundo os decretos de delegación de sucesivas datas, 07/07/99, 30/06/03, 02/01/04 e 05/07/07, a Alcaldía delega nos concelleiros/as de Economía e Facenda a resolución de actos administrativos de carácter tributario. Procedería, en cumprimento do carácter didáctico que debe ter unha norma tributaria (*Exposición de motivos da Lei 58/2003 do 17 de decembro Xeral Tributaria*), incluír no texto da ordenanza fiscal xeral que o órgano competente é a Alcaldía (sen prexuízo de que as súas competencias estean delegadas).

O contido da alegación documento nº 70122390 formula diversas propostas que afectarían á ordenanza fiscal xeral, ordenanza do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, ordenanza das taxas de recollida do lixo, ordenanza fiscal de taxas por licenzas de actividades e instalacións, ordenanza de taxas de licencias de construcións, obras e instalacións e ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmoables.

En relación á ordenanza fiscal reguladora do imposto de vehículos de tracción mecánica, propón bonificacións para os chamados *“vehículos ecolóxicos”* e familias numerosas. Estímase, nos termos que figuran na proposta, no relativo a vehículos ecolóxicos, non sendo viable legalmente o relativo ás familias numerosas.

En relación á ordenanza fiscal reguladora da taxa de lixo, propón exencións para suxeitos pasivos en distintas situacións: adquirentes de nova vivenda, familias monoparentais, vítimas de violencia de xénero e actividades que constitúan PEIMS.

Para abordar, dende o punto de vista legal, beneficios fiscais en materia de taxas por prestación de servizos compre recordar que o punto de partida é negativo, pois non hai precepto expreso habilitador no RDL 2/2004 para outorgar beneficios fiscais en materia de taxas.

Só realizando unha prudente interpretación do artigo 24.4: *“para a determinación da contía das taxas poderán terse en conta criterios xenéricos de capacidade económica dos suxeitos obrigados a satisfacerlas”*, poden regularse nas ordenanzas, determinados beneficios fiscais.

Respecto das familias monoparentais, igual que as outras familias, teñen xa recoñecida a exención de taxa de lixo en función dos ingresos brutos per cápita. Non obstante ó anterior, cabería aplicar un corrector sobre o ingreso bruto que ponderase a redución de capacidade económica efectiva por causa de ser unha única persoa a susceptible de percibir ingresos e, ó mesmo tempo, a obrigada ós cuidados que implica a custodia. A proposta que segue, determina unha exención de taxas de lixo a familias monoparentais –máis favorable- nas que o proxenitor custodio fose o único perceptor de ingresos e os fillos non tiveran rematado o ensino obrigatorio. Nestes casos aplicaríase ó ingreso bruto un corrector de 0,72.

Respecto das vítimas de violencia de xénero, acreditada en sentenza firme, igual que calquera outra familia teñen recoñecida a exención na taxa de lixo en función dos ingresos brutos *per cápita*. Non obstante o anterior cabería aplicar un corrector sobre o ingreso bruto que ponderase a redución da capacidade económica efectiva por mor dos obrigados gastos de traslado, protección e outros. Poderían ter durante os 5 primeiros anos análogo tratamento fiscal na taxa de lixo vivendas que as persoas maiores de 65 anos que viven soas: coeficiente corrector de 0,35."

Polo exposto, a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 29 de novembro, ditamina favorablemente a devandita proposta.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Dende que se constituíu, este novo goberno da cidade de Vigo veu poñendo en marcha distintas medidas e políticas de tipo social en beneficio dos cidadáns e cidadás de Vigo con rendas máis baixas.

Así, para a súa aprobación provisional no Pleno do pasado 24 de setembro de 2007, este goberno levou unha proposta de ordenanzas fiscais para o ano 2008 que supoñía unha clara rebaixa na presión fiscal para aqueles veciños e veciñas de Vigo con menores recursos. Por primeira vez na cidade de Vigo incorporáronse reducións nas tarifas para aquelas persoas dependentes que precisasen de axuda domiciliaria, reducións que ían dende un 100% para aqueles cidadáns con rendas máis baixas, ata o 49,3% para usuarios deste servizo cun nivel de renda *per cápita* superior a 630 €.

Esta redución fiscal é para todos aqueles que precisan de asistencia domiciliaria e por iso un dos colectivos máis necesitados desta cidade en situación de

dependencia que así obteñen unha importante rebaixa fiscal ó diminuír dun xeito considerable o prezo que deben pagar por cada hora de asistencia domiciliaria.

Decidiuse tamén manter outras tarifas e taxas constantes o que implica unha redución real do 2,4%, como na prestación do servizo das escolas de primeira etapa de educación infantil ou a prestación do servizo do centro de día. Tamén se actualizaron todos os tramos de renda que determinan os beneficios fiscais en todas as taxas.

Dende o primeiro momento este goberno apostou por unha redución na presión fiscal para os colectivos con rendas máis baixas na cidade de Vigo. Así, no citado Pleno, tras ser proposto por este goberno, aprobouse que deixaran de pagar o recibo do lixo aquelas persoas que vivan soas e que teñan unha renda *per cápita* inferior a 5.900 euros se son menores de 65 anos e de 9.300 se son maiores de 65, ampliando con iso o mínimo exento ata un 48%. Por isto será maior o número de vigueses con rendas baixas que non terán que pagar o recibo do lixo.

De cara á aprobación definitiva das ordenanzas fiscais, seguindo coas políticas sociais que defende este goberno e afondando na decisión de reducir a presión fiscal para os vigueses e viguesas con maiores dificultades económicas, este goberno propón hoxe para a súa aprobación en Pleno máis ampliacións dos mínimos exentos no pagamento da taxa do lixo.

Neste sentido as familias monoparentais e as vítimas de violencia de xénero terán unha consideración especial no que se refire ó pagamento da taxa do lixo. As vítimas de violencia de xénero merecen toda a atención pola parte deste goberno e por iso en materia fiscal consideramos que, dada a súa situación, deberán ter unha exención no pagamento da taxa do lixo durante os primeiros anos trala sentenza firme.

Por outra banda a realidade amósanos a existencia dun cambio profundo no concepto de familia. Cada vez é maior o número de familias monoparentais onde un só proxenitor ou proxenitora debe facerse cargo da custodia dos fillo menores, recaendo sobre el ou ela o peso da economía familiar.

Este goberno foi consciente desta situación e por iso, nas modificacións das ordenanzas fiscais de cara á súa aprobación definitiva, tamén propón un aumento do 40% do nivel de renda *per cápita* que permita exención na taxa do lixo para

aquelas familias monoparentais nas que o proxenitor ou proxenitora estea asumindo de xeito individual os gastos inherentes á custodia duns fillos que aínda non remataron a súa etapa escolar.

Estas non son as únicas medidas que propoñemos de cara á aprobación definitiva das ordenanzas fiscais. A preocupación polo medio ambiente, o cambio climático e a necesidade de que os Concellos asuman cada vez máis un papel protagonista coa posta en marcha de medidas que contribúan a unha mellora na calidade medioambiental das rúas da cidade, do noso contorno e por ampliación de todo o territorio, derivou na proposta de incluír nas ordenanzas fiscais para o ano 2008 unha importante redución na taxa de circulación para aqueles vehículos que contribúen de xeito real e eficiente á redución de emisión de gases contaminantes.

Por iso, aínda que nas ordenanzas fiscais que están vixentes neste intre xa existe unha redución do 75% no imposto de circulación para aqueles vehículos con catalizador que substitúan a outros que non o leven e que xa se introduciu polo anterior goberno bipartito, este goberno tamén propón unha redución do 75% no imposto de circulación para toda unha gama de vehículos que poderían considerarse como ecolóxicos e que non só inclúe ós de motor eléctrico e de emisións nulas, senón tamén os vehículos híbridos do motor eléctrico-gasolina, eléctrico-diesel, eléctrico-gas, os que teñan a cualificación de eficiencia enerxética tipo A, así como aqueles que utilicen como combustible biogás, gas natural comprimido, metano, metanol ou hidróxeno, dado que debido ás súas características reducen a emisión de gases contaminantes.

Esta é a proposta que fai o goberno das modificacións das ordenanzas fiscais de cara á súa aprobación definitiva e trala aprobación provisional no Pleno do 24 de setembro.

Trala aprobación provisional e durante o período de exposición pública, rexistráronse cinco alegacións. Dúas delas realizadas por veciños particulares da cidade de Vigo teñen como referencia a taxa da auga. Aínda que unha delas presentouse fóra de prazo e polo tanto non é posible a súa estimación e a segunda só fala do pagamento polo consumo do saneamento, mantendo a tarifa do consumo da auga nos termos actuais e polo tanto tamén debe ser desestimada,

dado que o nivel de saneamento está relacionado co nivel de consumo, non quero deixar pasar por alto este tema e a necesidade de cambiar nun curto prazo de tempo dunha tarifa por tramos como a actual, a unha tarifa por consumos.

Este goberno está traballando nesta dirección e xa ten novos estudos e propostas sobre as tarifas da auga no consumo que serán presentadas cando todos os estudos e análises que consideremos pertinentes estean rematados.

Tamén se presentou unha alegación por parte da asociación Fontaíña de voluntariado e medio ambiente, solicitando unha bonificación na taxa de circulación para os vehículos híbridos, motor eléctrico-gasolina, eléctrico-diesel ou eléctrico-gas. Esta alegación estimouse e ampliouse nos termos que veño de indicar ó recoñecer unha ampla gama de vehículos que reducen as súas emisións contaminantes e non só os vehículos híbridos.

Dende a Dirección de Ingresos tamén se presentou unha alegación-corrección de carácter técnico para evitar dúbidas interpretativas na taxa do lixo con respecto a determinados establecementos, así como o órgano competente para ditar actos administrativos de carácter tributario. Esta alegación tamén se estimou.

Presentouse unha alegación do Partido Popular que propón un total de once modificacións ás ordenanzas aprobadas provisionalmente. Con respecto a estas once propostas cabe dicir o seguinte:

As propostas de redución da taxa do lixo para vítimas de violencia de xénero, familias monoparentais, así como a redución do imposto de circulación para vehículos ecolóxicos estímase de acordo coa proposta que acaba de presentar este goberno e que veño de mencionar.

A proposta de bonificación nos tributos para os que domicilien os seus recibos desestímase ó estaren xa neste intre o goberno elaborando o chamado sistema integral de pagamentos que inclúe bonificacións nas domiciliacións así como a posibilidade de fraccionamento dos pagos sen intereses. Dado que é un sistema integral, porase en marcha cando todos os aspectos estean ultimados: padróns fiscais, datas, porcentaxes, etc.

As propostas de incrementar diferentes bonificacións fiscais xa existentes para os denominados proxectos empresariais de interese municipal, desestímase dado que trala consulta dos datos pertinentes atopamos que neste Concello dende o ano



2004 non se deu de alta ningunha empresa deste tipo, polo que estas bonificacións non terían sentido ó non existir nin unha soa empresa á que vaia dirixido.

O resto de propostas tamén deben ser desestimadas ó non teren amparo legal. O Partido Popular propuxo unha serie de modificacións ás ordenanzas fiscais que non se poden incluír porque a lei non o permite. Así non permite a exención do imposto de circulación para familias numerosas; non permite a exención da taxa do lixo no caso de adquisición dunha nova vivenda ó non se contemplar a capacidade económica; non permite bonificacións do IBI nos locais comerciais baleiros; non permite a redución do IBI para calquera colectivo que non sexan as familias numerosas.

A estimación destas propostas feitas polo Partido Popular implicaría entrar na ilegalidade segundo dispón o artigo 9, apartado 1, do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, "...non se poderán recoñecer outros beneficios fiscais nos tributos locais non sendo os que estean expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados de tratados internacionais".

Nin o Real decreto 2/2004, nin a Lei de familias numerosas, nin ningún outro texto legal contemplan beneficios fiscais en materia de taxas ou impostos como os que acaba de propoñer o Partido Popular.

Por iso, o que propón este goberno de cara á aprobación definitiva das ordenanzas fiscais, é unha proposta legal, social e comprometida co medio ambiente. Como xa manifestamos no Pleno do 24 de setembro de 2007, estas medidas sociais que supoñen unha redución da presión fiscal para aqueles colectivos máis desfavorecidos, son só o inicio dunha serie de medidas que se están a elaborar dende a concellería de Economía e Facenda deste Concello dentro dun plan moito máis ambicioso, global e integrador, onde o principal obxectivo a seguir é a redución das taxas e impostos para aqueles vigueses e viguesas que polas súas condicións de escasa capacidade económica merecen unha atención especial por parte deste goberno.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Agradezo a exposición da nosa compañeira e antes de empezar a miña intervención quero dicir que realmente as nosas alegacións se

puxeron con rigor para os propios cidadáns e coa responsabilidade de que ó Concello non lle ocasionasen ningún tipo de prexuízo, están todas dentro duns parámetros establecidos.

Empezarei por todo o que vostede me indicou no referente ó que van facer ou non, aquelas ordenanzas que entenden vostedes que están nun proxecto moito maior e voulle expresar unha por unha todas as alegacións que nós realizamos a estas taxas.

En primeiro lugar imos falar da solicitude que fixemos ó sistema de modificación de todos os tributos municipais de entre o 2% e 5% a todos aqueles que domicilien no período voluntario. Indicoume que hai un proxecto maior que vostedes van facer, pero dende o Partido Popular estamos un pouco canso de todo o que vostedes van facer ou non e o que lle indicamos é que por favor o fagan.

Como miro que vostedes están constantemente aludindo ós distintos aspectos da Lei, se é ilegal ou non, voulles ensinar concretamente que no artigo correspondente á Lei de facendas locais faise clara referencia ós tributos municipais co que o Concello pode facer un desconto, unha bonificación de entre un 2 e un 5%, polo tanto teñen a liberalidade prevista na Lei das Facendas locais para poder facer este tipo actuación.

Concretamente corresponde ó artigo número 9, onde fala dos beneficios fiscais e réxime de compensación que aparece este tipo de bonificación, "...Poderá establecer unha bonificación de ata o 5% na cota a favor de suxeitos pasivos..." Por conseguinte a base legal para poder este tipo de bonificación a teñen vostedes no artigo 9 que llo podo facilitar para que o saiba.

A segunda alegación fai referencia ó correspondente ós vehículos ecolóxicos. Paréceme estupendo o que vostede fixo que foi ampliar as categorías, todas as circunstancias referentes ós vehículos que contaminen menos, etc., pero teño que lle sinalar que o obxecto principal da nosa alegación foi mellorar o medio ambiente como ben indica o artigo 1 da Lei 9/2006, do 28 de abril, onde di que hai que mellorar o ambiente e contribuír á integración dos aspectos medioambientais na preparación de plans e de programas. Nós o que facemos é tan só reducir a bonificación dun 75% os catro primeiros anos a vehículos ecolóxicos porque entendemos que son

os vehículos que contempla a Lei que di que teñen que protexer e contribuír ó medio ambiente, non reducir. Estamos sempre tentando reducir a contaminación do medio ambiente e por iso solicitamos esa circunstancia.

Temos a alegación de solicitude de abstención do imposto de circulación de vehículos de tracción mecánica para familias numerosas. Indícame que a Lei non di nada e se queremos leis, como eu traio un par delas indícolle que, cando realmente se esixe un esforzo para as familias, a Lei contempla no seu artigo 16 que pode ser supeditado a este para poder facer a redución ás familias numerosas. Por conseguinte, se vostede quere a base legal eu tamén lla facilito para que vexa como pode legalmente reducir o custo ás familias numerosas. Non teña problema nese sentido.

Co mesmo rigor que vostede di que a Lei non o admite, insisto no mesmo tema e indícolle que para fomentar a compra de vivendas, igual que vostede fai a redución a familias maiores de 65 anos, familias cunha vivenda e demais, tamén se pode incorporar un máis onde en vez de dicir que 65 e primeira vivenda, ten 55 e 35, pode ser unha soa redución, pode tamén igualar no caso de adquisición dunha nova vivenda aplicarse o ingreso do coeficiente 0,25. Isto quere dicir que entro novamente na normativa vixente.

Hai un tema bastante delicado que é o referente tanto ás familias monoparentais, como a violencia de xénero, como á primeira actividade de proxecto empresarial. Como a miña compañeira a Sra. Molares expresou o outro día ó Sr. Calviño, eu tamén traio recortes de prensa onde se di que en Madrid as familias monoparentais se equiparán ás familias numerosas.

Mesmo Esquerda Unida en varios periódicos de tirada fai unha clara referencia a que lles subtraesen vostedes esa iniciativa dicindo que foron eles quen a propuxeran. O que si é certo e que estaban vostedes tentando levarse esa circunstancia como fixeron nesta ocasión con nós, que tamén propuxemos varias medidas que as fixeron de seu. Se dende o Parlamento o PSOE fai de seu esta circunstancia e equipara as familias numerosas ás familias monoparentais, non sei por que vostedes non o poden facer.

Nós solicitamos que se equiparen e se é así miraremos que as familias numerosas, como ben se indica nas ordenanzas "están exentas do lixo vivendas, suxeitos

pasivos, pais, nais, titores, titulares de familias numerosas relativo á vivenda que constitúa a vivenda habitual da familia, cunhas cantidades que non sexan inferiores a 5.120€". O que miro é que é moito máis amplo que o que vostedes poñen porque dan a entender que se a familia ten fillos que viven con ela non terían dereito a esa exención, cousa que me estraña porque realmente as familias numerosas non se coloca nada.

O mesmo acontece coas vítimas da violencia de xénero que como todos ben sabemos teñen uns gastos que carrexarían esa situación de estar desprotexidas fronte á sociedade. Como no caso que lle citei anteriormente, se o artigo 16 dí que se o gasto é maior se pode facer calquera copia a estas familias, neste sentido tamén as podemos equiparar a esta situación, non durante toda a súa vida porque efectivamente as persoas tenden a desenvolver a súa vida, pero si durante os cinco primeiros anos non estaría mal que estas persoas estiveran exentas do lixo como indicamos na nosa alegación xa que teñen uns gastos maiores: terán que poñer alarma, teñen un seguimento, mesmo algunhas teñen que cambiar de residencia e mercar un vehículo novo para que as persoas que as acosaban non o sigan a facer ou lle perdan a pista para evitar que sufran calquera situación anómala.

Se equiparamos esta circunstancia á anterior observaremos que existe unha clara similitude entre ambas partes: atópanse as dúas soas, en situacións desamparadas e por conseguinte se podía equiparar unha á outra.

O que si é certo é que nunca se pode entender que vostedes equiparan as familias de violencia de xénero ós maiores de 65 anos que viven sós. Xeralmente as familias de violencia de xénero non existe esa relación de vivir soas posto que estas persoas ó mellor teñen fillos e se vostedes as equiparan ós maiores de 65 anos están desprotexéndoas totalmente.

A taxa de exención de lixo para proxectos empresariais nos primeiros anos de actividade vostede me indica que nunca houbo ninguén que o solicitase. Entendo que se isto é así, non quere dicir que non se poida chegar a producir ou que non o poidan pedir polo que se se pode chegar a pedir, sería interesante que o contemplasen dentro das taxas para poder entender que estas persoas poidan ter esta exención. Se non o poñen nunca saberemos se haberá ou non porque non é que isto sexa unha cantidade grande de cartos para evitar que poidan montar o seu

proxecto empresarial de interese municipal pero o que si é certo é que unhas axudas ás persoas que empezan con proxectos empresariais coido que teñen interese.

Volvemos outra vez ás taxas do 95% ós proxectos de interese municipal. Entendo que acontece o mesmo posto que se vostede dalgún xeito non quere dar por sabido que se poden chegar producir, coido que é interesante que se produzan e se é así ó mellor haberá xente que estea interesada en poder facelo e así evitemos que quede baleiro como vostede indicou.

Finalmente me facía referencia clara ó tema do IBI que non se pode por Lei, etc. Indícolle que efectivamente, como ben indica a alegación que puxemos, "... neste caso as modificacións deberán facerse solicitando a modificación da normativa estatal que sexa necesaria de ser o caso". Se todo o mundo sabemos ler miraremos que poñemos ó final o que podería acontecer.

Pero tamén é certo que se quere algunha referencia, e realmente quero axudarlle, na Lei de facendas locais hai un claro apartado no artigo 74 onde aparecen "Bonificacións potestativas" que no seu apartado 2 ten unha base legal para poder facelo se quere.

Todo isto é se quere porque se queremos poñer chatas ou teñen vostedes outras situacións que vaian facer logo, paréceme interesante pero o que quere a cidadanía é que o fagamos, non o que vaian ou non facer ou que haxa ou non fume. O que solicitamos dende este Grupo Popular é que realmente o fagan e tentámolo dende estas alegacións.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Debo dicir que moitas destas alegacións non as entendía, sobre todo sabendo que o Partido Popular estivo gobernando estes tres últimos anos. Agora entendo, vendo quen defende as alegacións que non estivo aquí gobernando eses tres anos e polo tanto non sabe o que pasou neste Concelle nese tempo.

A única palabra cualificativa que se me ocorre, aínda que non me gusta usar os cualificativos pero aquí non podo deixar dos usar, é hipocrísía, total e absoluta. Preséntanse once modificacións que demostran claramente que o Partido Popular non fixo nada no tempo que estivo gobernando. Se realmente tivera posto en

marcha medidas de política social agora non estaría presentando nin unha soa alegación.

O que nos están a propoñer neste intre é que este novo goberno faga o que o Partido Popular non fixo nos últimos tres anos. Tardou tres anos en facer algo e non fixo nada, máis que aumentar o nivel de renda *per cápita* de exención para as familias numerosas, repito que cincuenta familias da cidade de Vigo. Vostedes tiveron tres anos e nós, xa nos primeiros meses, presentamos nada menos que cinco medidas, por isto coido que a súa actitude é claramente hipócrita.

Ademais tamén é intolerable e un insulto ós cidadáns e a este goberno porque vostedes saben que moitas destas propostas son ilegais. Están a enganar á cidade, fixérono durante os tres anos de goberno e queren seguir facéndoo neste momento que están na oposición.

Fala de que teñen amparo legal. Vou coller o que se dixo neste mesmo debate o ano pasado, palabras do Sr. Guerra en canto á exención de determinados impostos para familias numerosas. O ano pasado se introduciron unha serie de alegacións para as familias numerosas, o debate era cales si ou cales non, o Sr. Guerra dixo: "En canto ó tema das familias numerosas, no único imposto que estaba era no IBI e precisamente porque a lei o permite porque no resto dos impostos a lei non o permite... Esa é a razón porque non se pode aplicar a outros impostos, senón que se aplica só a ese porque precisamente a lexislación nolo permite."

O Sr. Guerra estaba admitindo o ano pasado que no imposto de circulación para as familias numerosas non se contempla unha exención no caso dun novo vehículo. Está escrito nas actas dos Plenos do ano pasado. Pero non é o único, tamén lle podo dicir o que está no informe da Dirección de Ingresos, aprobado polo anterior concelleiro, que se levou ó Pleno homólogo do ano pasado: "Non se poderán recoñecer outros beneficios fiscais nos tributos locais non sendo os que estean expresamente previstos en normas con rango de Lei ou os derivados de tratados internacionais". Estábase a falar do caso do colectivo das persoas viúvas que pediran unha exención en determinados tributos.

Tamén di aludindo a este colectivo pero ampliando a calquera outro: "Non contempla en ningún dos impostos municipais a facultade de que os Concellos establezan ningún beneficio fiscal por razón de viuvez. Para a determinación da

contía das taxas poderán terse en conta criterios xenéricos de capacidade económica". É o único criterio que contempla a Lei para facultar a exención de impostos.

Está claro que vostedes queren enganar, a nós e máis á cidadanía.

Pasando xa a cada proposta en concreto que vostedes fan, no que se refire a bonificacións por pagamento eu non dixen que fose ilegal esa medida, dixen que eran ilegais o caso dos vehículos para familias numerosas, as vivendas e os casos do IBI. Das bonificacións dixen que estamos a traballar niso. A súa alegación claramente malversa porque cando di que se poña en marcha este sistema de bonificación para todos os tributos municipais entre un 2 e un 5% para todos aqueles que os domicilien en período voluntario, o primeiro que me pregunto é se para todos os que xa están domiciliados ou para os novos que se domicilien?

Cando un presenta unha medida deste tipo suponse que é para mellorar a xestión municipal; é certo que quen teñen o recibo domiciliado están facilitando a xestión municipal. Se vostedes o que propoñen é que só se bonifiquen ós novos, están facendo unha clara discriminación negativa porque están bonificando a todos aqueles que digamos que non nos axudaron a mellorar a xestión e penalizan a aqueles que levan anos axudando a xestionar a recadación.

Polo tanto discrimina en contra dos que xa nos axudan. Se eu lle pregunto a calquera dos que teñen o recibo domiciliado que lle parece se a partir de agora o seu veciño, que non o ten domiciliado, vai deixar de pagar e el ten que pagar o mesmo. Non estamos a favor desta discriminación; en todo caso estaríamos a favor de todos aqueles que contribúen.

Agora entendo por que o propón: supoño que vostede non fixo os cálculos que fixemos nós. Calculamos o que lle supón á facenda municipal que todos os veciños que teñen domiciliados os pagos máis aqueles que se pretendan domiciliar teñan unha bonificación do 5%. Isto custaría ás arcas municipais dous millóns de euros. Pregúntome se este Concello está disposto a reducir en ingresos dous millóns de euros co que se deixarían de facer humanizacións como as de Teis, como as beirarrúas nos barrios da cidade, non se arranxaría a zona de Bouzas, o Calvario... Pregúntome se o Concello está disposto a isto ou se o que prefiren vostedes e subir outro tipo de impostos para poder recadar eses dous millóns de euros que teríamos

menos.

Apostamos polo que se chama un sistema integral de pagamentos no que os veciños voluntariamente se apunten; que se teñan en conta tanto bonificacións como fraccións do pagamento. Se vostede sabe o que é un sistema integral de pagamentos, saberá que é moi complexo, ten que coordinar os padróns, os beneficios, as datas. Isto non se pode facer en dous meses e de feito vostedes en tres anos non o fixeron polo que está claro que un pouco de tempo si se necesita.

Con respecto ós vehículos ecolóxicos este Concello xa tiña unha redución do 75% no imposto de circulación para aqueles vehículos que contaminasen menos. Nós ampliámola porque facemos unha defensa clara dunha mellora do medio ambiente. Pero tamén fixemos os nosos estudos: non existe ningunha definición legal de que vehículo é ecolóxico; na normativa europea existe a definición de vehículo ecolóxico mellorado e existen distintas ideas do que son vehículos ecolóxicos.

Nós movémonos, estudamos e collemos toda unha serie de vehículos que vostedes non recoñecen e que contribúen á mellora do medio ambiente. Todos aqueles que reducen a emisión de gases contaminantes e que poderían catalogarse como ecolóxicos están recollidos nesta proposta que fai o goberno, polo tanto é moito máis ampla da que vostedes consideran.

En canto á redución da taxa do lixo para a compra de vivendas, vostede non fai referencia en ningún momento á capacidade económica e isto é o que fai que a súa proposta sexa ilegal. Sinxelamente din que estean exentos do lixo no caso de adquisición dunha nova vivenda, nada máis. Unha nova vivenda pode ser un segundo chalé en Saiáns e pode ser adquirido por calquera. Unha persoa que teña unha renda dun millón de euros ó mes estaría exento do pagamento da taxa do lixo de acordo coa súa alegación. Isto é o que a fai ilegal porque non contempla en ningún momento a capacidade económica.

En canto ás familias monoparentais é certo que o goberno compara familias monoparentais de dous fillos con numerosas, é dicir, recoñécelles como si tiveran un fillo de máis. Iso foi o que nós fixemos nesta alegación, incluimos as familias monoparentais dun fillo e considerámola como se tiveran outro máis; as familias monoparentais de dous fillos e considerámolas como se tivesen tres, etc., polo tanto mesmo estamos ampliando a proposta do propio goberno central.



En canto ás vítimas da violencia de xénero non entenderon o que nós propuxemos porque se collen a nosa proposta, o que nós consideramos cando lle aplicamos ese coeficiente de 0,35, é que renda *per cápita* sexa de 9.300 euros, se ten dous fillos serán 18.000, se ten tres 27.000. É sempre en termos de renda *per cápita* e non só considerando se está soa ou non.

Con respecto ós proxectos empresariais de interese municipal a cidade de Vigo ten que saber que isto se deriva dun plan de emprego 2000-2003 que fixo o anterior goberno bipartito no que, para incentivar e fomentar o autoemprego propón unha serie de exencións e bonificacións en determinadas taxas que chegan ata o 75%. Vostedes non fixeron absolutamente nada neste tema, non conseguiron que nin unha soa empresa se apuntara a este proxecto, polo tanto non sei con que cara dura se presentan aquí dicindo que teñen que aumentar as bonificacións ata un 95%.

Se vostedes non conseguiron que se incorporase nin unha soa empresa cunha bonificación do 75%, calquera que entenda un pouco como funciona o mercado do traballo, sabe que por aumentar unha bonificación do 75 ou 95% non se aumento o nivel de emprego. O paro é un tema moito máis grave, moito máis serio como para o facer frívolo cunha medida deste tipo.

Está claro que este goberno leva traballando dende a Xunta e dende o Goberno Central pola mellora no nivel de emprego e as taxas de desemprego se reduciron este ano como non o fixeron nunca, todo gracias ó goberno do Partido Socialista.

Con respecto ó IBI vostedes fan unha proposta e literalmente din "...neste caso as bonificacións deberán facerse solicitando a modificación da normativa estatal". Isto é o máis grave, vostedes saben que isto non ten amparo legal e sen embargo queren que se incorpore ás ordenanzas fiscais. Non se pode incorporar ás ordenanzas algo que xa non está na Lei e repito o que xa estaba no informe: "Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais nos tributos locais non sendo os que estean expresamente previstos en normas con rango de Lei". Se non están na Lei, por moito que os queiramos meter non se pode.

O que está claro é que vostedes fixeron unha proposta non pensando na cidade, senón pensando unicamente na prensa, na foto. O que vostedes fan son actuacións de moi mala fe, están continuamente enganando á cidade e ó goberno. Estamos

cumprindo o que prometiamos que é rebaixar a carga fiscal para aqueles colectivos máis desfavorecidos.

Os únicos que non cumpriron foron vostedes. Lémbrolle que o Partido Popular prometeu eliminar a taxa do lixo e non o fixeron. Está claro que todas estas propostas que fan son cara a galería, a metade delas son fume e nada máis. Esa foi a súa actuación dos últimos anos e seguirá a ser mentres estean na oposición.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Moitas gracias pola clase que nos deu vostede novamente. O último que dixo con respecto ó lixo coido que como vostede tampouco estaba hai tres ou catro ano, tampouco sabe que votaron en contra o tema do lixo, por iso llo lembro.

Parece que non entendeu nada do que eu lle dixen, vostede ten o seu fume, as súas circunstancias, está metida no seu vórtice e non atende a razóns nin a nada do que eu lle tentei explicar porque realmente creo que se foi polos "cerros de Úbeda".

Eu non dixen nada de "ós novos" no referente ó 2% e o 5%, ós períodos que domicilie o período voluntario. Dixen que a todos, un sistema de unificación en todos os tributos municipais para todos aqueles que os domicilien en período voluntario. Non tente vostede, cara á prensa e ós cidadáns, vender algo que nos non dixemos, pola contra queremos que a todos aqueles que contribúan.

Maxino que poderemos facer fronte ó gasto. Vostede fálame de cartos cando eu falo de persoas que tentan axudar ó Concello. Seguramente eles entenderán que se lles pedimos que nos axuden domiciliando o pago voluntario non lle imos dicir o que nos vai custar; pola contra teremos que lles dar as gracias por domiciliar porque nos axudan a sufragar os gastos do Concello. O que lles interesa ós cidadáns é que lles custe menos aínda que o Concello teña que facer un pouco máis de esforzo en determinados aspectos, non imos entrar en cales.

Falábame de que os vehículos ecolóxicos teñen unha categoría, que non están definidos, si o están... Maxino que vostede miraría o Real decreto 837/2002, do 2 de agosto, onde se regula a información relativa ó consumo de combustible e ás emisións de CO<sub>2</sub>. Coido que se le esta Lei vería claramente esa definición que di vostede que non existe, aquí lla dan e non só iso, senón que lle apuntan os epígrafes correspondentes os que fan referencia e vería a escenificación clara e

concisa do que existe ou non dun vehículo ecolóxico.

En canto ás familias numerosas que lle vou contar a vostede que non saiba. Indícame o que nos puxemos ou deixamos de poñer. Se vostede quere facelo, pode porque ten a base legal. Remítome outra volta á Lei 40/2003, do 18 de novembro, de Protección de familias numerosas, no seu artigo 16 fala dos beneficios legais: "A Administración Xeral do Estado no ámbito das súas competencias deberá garantir ás familias numerosas beneficios fiscais para compensar as rendas familiares en función das cargas que soportan". Estas cargas eu dígolle que son moitas, ó mellor vostede, que non ten esa circunstancia, non o pode saber.

Eses beneficios fiscais que vostede parece descoñecer si se poden executar e beneficiarse deles aquelas persoas que teñan un dereito como é o das familias numerosas. Por conseguinte ten vostede a base que lle indico nese artigo 16 se é que o quere facer. Se non é así eu tampouco vou estar enriba pero non se preocupe que no seu momento fareino ou tratarei de que o meu partido o faga.

En canto ás familias numerosas monoparentais xa me ilustrou vostede cal é a referencia que fai o Parlamento; paréceme estupendo pero non fai falla que vostede mo diga porque xa o sabía xa que eu tamén leo a prensa, non sei se vostede o fai, e xa sei ó que se refire pero xustamente as ordenanzas referentes ó lixo fai vostede unha apreciación das familias numerosas onde escenifica claramente que as taxas estarán exentas de lixo, vivendas, suxeitos pasivos, pai, nai e familias numerosas, relativas a vivendas e constitúa residencia habitual da familia e sempre e cando cumpra a seguinte condición: que os ingresos brutos anuais *per cápita* no exercicio de solicitude inferiores a 5.120 euros. Iso é o que pon na familia numerosa. Se vostede o equiparase non teríamos que estar a falar como fixo vostede cando dixo que á familia numerosa se lle deu un tratamento fiscal na taxa de lixo e vivendas que as persoas maiores de 65 anos que viven soas.

Cando vostede di que non fai referencia a que vivan soas, non sei se sabe ou non o que escribe ou o que fai, pero si é certo que aquí o pon e vostede o escenifica claramente. Por conseguinte se fai unha equiparación das familias monoparentais ás familias numerosas realmente estaría equiparando estas cantidades a estas e non a outras e non fai falla que as equiparen ás de 65 anos como pon vostede neste epígrafe.

Con referencia ás familias de violencia de xénero, do que falabamos agora, ten clara referencia coas familias monoparentais, por conseguinte se igualamos as familias monoparentais ás numerosas terían as mesmas circunstancias porque realmente a estas tamén lles custa unha función de cargas que soportan e favorecer a configuración da vida familiar. O que non entendo é que se realmente unha persoal que ten violencia de xénero o que lle repercute economicamente nunha mala situación, non sei por qué quere vostede equiparalas, se viven ou non, se está con outra familia, se o índice é de 9.000. Unha persoa que ten violencia de xénero ten vostede que entender que necesita axuda na súa totalidade por iso é necesario que as equipare para poder acadar unha igualdade a outras familias que están na mesma situación. Sobre todo os gastos que carreen, como todo o mundo sabe, e volvo indicarlle o tema do cambio de domicilio, alarmas, vehículos, cambiar totalmente un nivel de vida que teñen.

Por isto entendo que é necesario pola nosa banda acometer unha axuda a este tipo de persoas.

Díxome que los proxectos de empresas de interese municipal non houbo ninguén que os solicitara. Pois volvemos ó de sempre, pídlle por favor que se non o solicitou ninguén, ó mellor instaurándoo podemos dalgún xeito entender que alguén o solicite para poder aumentar este grupo.

Di vostede que é unha deslealdade, unha intencionalidade pola nosa banda realizar a solicitude do IBI. Non hai ningún tipo de deslealdade, pola contra nós non estamos vendendo nada á galería senón que tentamos que a cidadanía se decate que loitamos polos seus intereses e ó mesmo tempo tentar que por parte do Concello lles deamos esa axuda necesaria para poder continuar a súa vida normal. Por iso solicitamos esta bonificación no IBI, para que os menores de 35 que queiran iniciar unha actividade comercial o poidan facer sen necesidade dun custo maior.

Claro que se pode solicitar a modificación correspondente o que pasa é que ten que traballar o Concello para iso. Xa sei que ó mellor a vostede lle custa traballar nese sentido. Se me deixa eu llo fago, solicítollo e mándollo se é que non o quere facer vostede, pola miña banda estaría encantado.

É unha situación que realmente vai ó redor destas alegacións e a intención por parte deste grupo Popular de que toda a cidadanía se decate e non esteamos

mirando distintos apartados onde nós queiramos meter cara á galería ou á cidadanía, senón cara ós petos da cidadanía que é o que notan porque vostede falaba de que o orzamento sobe, baixa e nós nunca fixemos nada; non sei se se da de conta que a leite subiu, o pan subiu e a cidadanía decátase desa circunstancia. Non quero dicir que sexa culpa súa que suba ou baixe, o que digo é que temos que lle axudar a que esas subas e baixas sexan o menores posible neste Concello para entender que traballamos por eles e para eles.

Por iso dende este Grupo Popular solicitamos que todas as alegacións sexan dalgún xeito entendidas e, de non ser así, volvo insistirle que o faremos nos en breve.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Esta última frase coa que acaba de rematar o membro do Partido Popular di claramente que vai facer algo ilegal. Supoño que é a norma do Partido Popular ou senón haberá que chamar a unha nota correctora.

Cando falaba vostede da taxa do lixo si sei que o noso partido votou en contra, por un exercicio de responsabilidade porque a taxa do lixo supón quince millóns de euros. Se se reduce a taxa do lixo haberá que subir os impostos por outra banda e iso é o que o noso partido e este goberno non están dispostos a aceptar, mentirle á cidadanía, dicirlle que lle vai rebaixar unha taxa e logo subirla por outra parte. Polo tanto e ante todo coherencia.

Parece que quen non entendeu foi vostede. Eu non penso dar clases, polo menos non o considero que o faga pero si parece que vostedes as necesitan. Eu dixen que cabían dúas interpretacións no tema das bonificacións, de xeito o texto literal da máis a entender que para os que fagan as novas domiciliacións. En calquera caso o que si é certo é que vostede non fixo as contas e nós si as fixemos.

Dous millóns de euros é o mesmo que lle dixen antes, habería que lles dicir ós cidadáns se están dispostos porque ó final isto é o orzamento, os cartos non son para o Concello, son para todos os cidadáns. Se non se ingresan eses dous millóns de euros os cidadáns quedaranse sen dous millóns en humanizacións, en investimentos e nós pensamos que unha das necesidades desta cidade son precisamente os investimentos nos barrios e parroquias que vostedes deixaron esquecidos nestes tres últimos anos. Por iso nós non estamos dispostos a facer fume, facer a foto e declarar de cara á galería.

Con respecto ós vehículos ecolóxicos non sabemos o que está a facer o goberno, sabemos o que se está a facer en Europa e nós ampliamos a ampla gama de vehículos que se poden considerar ecolóxicos. Fixemos un estudo moi amplo nun tempo récord e traemos aquí bonificacións que vostedes prometeron. Veu aquí o Sr. Núñez Feijóo hai uns días e prometeu unha serie de medidas que non hai nos Concellos do Partido Popular. Todas as medidas que propuxo o Partido Popular xa están neste Concello e propúxoas precisamente o anterior goberno bipartito.

O tema dos coches ecolóxicos entrou neste Concello cos catalizadores no ano 2003; a redución das plusvalías no caso dunha transmisión en herdanza xa está contemplada e meteuna o bipartito en marzo do ano 2003; o caso do IBI nas familias numerosas meteuno tamén o goberno bipartito en marzo de 2003. Polo tanto os únicos que están facendo as cousas que non fixeron cando lles tocaba son vostedes.

No tema das familias numerosas vostede alude a unha base legal do ano 2003 que é a Lei de Familias numerosas. Se segundo esa Lei está permitido incluír os coches para as familias numerosas, por que o Sr. Guerra no ano 2006 di que non estaba permitido. Por tanto, é que a mesma Lei ten interpretacións distintas segundo se se está no goberno ou na oposición? Parece ser que para o Partido Popular si.

O mesmo pasa coas familias monoparentais; a proposta que fan vostedes, facendo números de novo implicaría que unha familia con tres membros que recibe 300.000 pesetas ó mes, na que traballan os tres membros da familia, deixaría de pagar o lixo; mentres que unha familia de catro membros, con 150.000 ptas. ó mes, os dous pais e os dous fillos traballando, esa tería que pagar o lixo. Parécenos impresentable e polo tanto propuxemos unha medida para familias monoparentais tendo en conta a renda *per cápita*, onde un só proxenitor ten que se facer cargo de todos os gastos desa familia.

É o mesmo que fixemos coa violencia de xénero, unha porcentaxe, un cálculo comparado coa mellor situación posible. O nivel de renda *per cápita* é de 9.000 euros, teña os fillos que teña, é o nivel de renda *per cápita* e non por familia.

Con respecto ós proxectos de interese municipal está claro, non fixeron nada e agora nos veñen dicir o que temos que facer nós. Levamos moitos anos traballando polo emprego, facendo moitos estudos sobre como mellorar o tema do emprego. Se

vostede cre que se van animar máis empresas a apuntarse a estes proxectos polo feito de aumentar a exención dun 75% a un 95%, agora entendo por que o Partido Popular non puido eliminar o desemprego, porque as ideas que teñen para o facer son moi diferentes das que realmente existen na actualidade. Cando un rapaz non se anima a facer unha empresa nova, a crear emprego, non é por unha redución dun 75-95%, senón porque é algo moito máis importante que iso como a localización, expectativas, futuro, capacidade, moitas cousas.

O tema do IBI é moito máis grave, vostedes mesmos están a recoñecer que agora non se pode facer, primeiro hai que modificar a Lei e unha vez que estea a Lei, faranse as modificacións oportunas.

Non hai moito fixemos aquí un debate sobre o tema do IBI e quedou claro que tanto o Goberno central como a Federación de Municipios están a traballar neste tema, que se incorpore na lexislación a ampliación de colectivos para poder estar exentos no pagamento do IBI ou ter bonificacións. O que quero saber é que fixo o goberno do Partido Popular no tempo que estivo na Federación Española de Municipios e Provincias, que postura tomou e que postura defendeu porque está claro que nos anos que estivo no Goberno Central non fixo nada por estas reducións no IBI.

Está claro que de novo o seu goberno vende fume, é unha proposta de cara á galería e sigo insistindo en que nós non facemos políticas de cara á galería senón que as facemos para a xente. Estamos pensando nos máis necesitados, naqueles niveis de renda máis baixos e estamos aplicando exencións e bonificacións onde a Lei o permite para estes colectivos máis desfavorecidos.

Foi a política que fixemos dende o primeiro día, entramos en xuño, os informes económicos estaban feitos en xullo e xa tiñamos dúas propostas sociais. Agora, para decembro incluimos tres novas propostas sociais. Vostedes tardaron tres anos en ampliar o nivel de renda *per cápita* para cincuenta familias numerosas. Iso é o que fixeron vostedes e iso é o que facemos nós.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Por alusións, Sr. Alcalde.

A PRESIDENCIA: Se é unha cuestión de orde si, o resto é un debate normal e habitual. Laméntoo pero o debate está feito, a mención foi parte do debate,

vostede foi concelleiro de Facenda na época anterior e considero que xa respondeu o seu compañeiro de bancada. Houbo debate político, se vostede quere doulle a palabra pero non houbo unha soa alusión. Excepcionalmente abrimos unha quenda breve.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: En primeiro lugar queredría dicirlle á miña actual compañeira concelleira de Facenda que lle recomendo que expresións como "cara dura", "mentira" as mida.

A alusión viña vinculada a unhas palabras miñas no Pleno da anterior aprobación de taxas. En primeiro lugar debo dicir, para situar esas palabras no contexto, que non son unha resposta a ningunha alegación do Partido Socialista nin de ningún partido da oposición porque durante tres anos non se produciu nin unha soa alegación en todas as aprobacións de taxas.

Foi nunha explicación da nosa propia política, a primeira vez que se facía unha redución de taxas a familias numerosas, polas que eu expresei esas palabras.

En todo caso iso non quere dicir que para facer unha redución, ademais de ter a figura da familia numerosa, se poida vincular cos niveis de renda. É moi fácil facer o cálculo e vincular a redución a unha familia numerosa cos ingresos desa familia.

Pido que as miñas palabras non sexan quitadas de contexto e que se utilicen axeitadamente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece abstencións dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Porro Martínez, acórdase:

Primeiro.- Tomar coñecemento de que os acordos seguintes provisionais aprobados en sesión plenaria do 24 de setembro de 2007 deben de se entender definitivamente adoptados dende o día 5 de novembro de 2007 por ausencia de



alegacións e de conformidade co artigo 17.3 do RDL 2/2004:

- Punto 6.- Modificación ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre Actividades Económicas.
- Punto 7.- Modificación ordenanza fiscal reguladora das taxas polos Documentos que expida ou de que entenda a Administración do Concello ou a dos seus Organismos Autónomos a instancia de parte.
- Punto 8.- Modificación ordenanza fiscal reguladora das taxas relativas ó servizo de transporte urbano de viaxeiros en automóbiles e lixeiros de aluguer con condutor (auto-taxis e vehículos especiais ou de aboamento).
- Punto 9.- Modificación ordenanza fiscal reguladora das taxas polos servizos especiais por espectáculos e transportes.
- Punto 10.- Modificación ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de prevención e extinción de incendios, prevención de ruínas de construcións, salvamentos e outros análogos.
- Punto 11.- Modificación ordenanza fiscal reguladora dos dereitos ou taxas pola prestación dos servizos dos Cemiterios Municipais.
- Punto 12.- Modificación ordenanza fiscal reguladora das taxas pola inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos.
- Punto 14.- Modificación ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de Inspección Sanitaria e os de análises químicas, bacteriolóxicas e calquera outras da mesma natureza, que obra no presente expediente.
- Punto 15.- Modificación ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación dos servizos de sanidade preventiva, desinfección, desinsectación, desratización e destrución de calquera clase de materias e produtos contaminantes ou propagadores de xermes nocivos para a saúde pública prestados a domicilio ou por encargo, que obra no presente expediente.
- Punto 16.- Modificación ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de limpeza de pozos negros, fosas sépticas, solares e servizos similares así como a recepción de residuos na planta de transferencia.
- Punto 17.- Modificación ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo de Axuda no Fogar prestado polo departamento de Benestar Social.
- Punto 18.- Modificación ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo das escolas de 1ª etapa de educación infantil.
- Punto 19.- Modificación ordenanza fiscal reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local.
- Punto 20.- Modificación ordenanza fiscal reguladora das taxas por aproveitamento especial de terreos de dominio público local con instalación de quioscos.

- Punto 21.- Modificación ordenanza fiscal reguladora das taxas por aproveitamento especial da vía pública con estacionamento de vehículos de tracción mecánica en determinadas rúas municipais.
- Punto 22.- Modificación ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación de ensinanzas especiais e outras actividades en establecementos municipais.
- Punto 25.- Modificación ordenanza reguladora dos prezos públicos por utilización das instalacións deportivas municipais, pertencentes o “Instituto Municipal dos Deportes.
- Punto 26.- Modificación ordenanza fiscal reguladora das taxas polos servizos que presta o Organismo Autónomo Municipal Parque das Ciencias “Vigo-Zoo” a través do seu Parque Zoolóxico.

Segundo.- Estimar a alegación documento nº 70119650 relativa a bonificacións no imposto de vehículos de tracción mecánica segundo as características dos motores e a súa incidencia no medio ambiente e a clase de carburante, así como a alegación-corrección de carácter técnico documento nº 70121928 relativa á modificación da redacción do apartado D) da tarifa do artigo 5 da ordenanza de taxas de lixo e reflectir na ordenanza fiscal xeral o órgano competente para ditar actos administrativos de carácter tributario..

Terceiro.- Estimar en parte a alegación documento nº 70122390 no que se refire a bonificacións no imposto de vehículos de tracción mecánica ós chamados “vehículos ecolóxicos” e a inclusión dun coeficiente que incrementa o mínimo exento no caso de vítimas de violencia de xénero e familias monoparentais nas taxas de lixo vivendas, segundo o transcrito na proposta que figura a continuación

Cuarto.- Desestimar as alegacións documentos nº 70124721, nº 70110331 e nº 70122390 (en parte), por motivos de extemporaneidade, inviabilidade legal e/ou considerarse que os propostas dos alegantes abordan aspectos parciais de proxectos da Concellería de Economía e Facenda, que serán sometidos a aprobación plenaria no momento en que estean ultimados.

Quinto.- Aprobar definitivamente as modificacións das ordenanzas fiscais que constaban nos puntos 3, 4, 5, 13, 23, 24, 27 nos termos do acordo provisional de data 24 de setembro de 2007 agás as seguintes modificacións:

PUNTO 3.- Modificación da ordenanza fiscal xeral

Artigo 57. FASES DOS PROCEDIMENTOS TRIBUTARIOS.

7.- A terminación dos procedementos tributarios producirase por resolución da Alcaldía, desestimento, renuncia o dereito no que se fundamentaba a solicitude, caducidade, cumprimento da obriga e outras previstas na ordenanza reguladora do tributo.

Artigo 63.- APROBACIÓN.

2.- Os padróns, matrículas ou rexistros someteranse cada ano a aprobación da Alcaldía, dándose conta á Xunta de Goberno Local e expoñeranse ó público nas oficinas municipais durante o prazo de 15 días, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Esta exposición, que será anunciada tamén na prensa local, producirá os efectos de notificación a cada un dos suxeitos pasivos.

PUNTO 5.- Modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto de vehículos de Tracción Mecánica.

Introducir no artigo 4, un apartado 4. do seguinte teor literal:

Artigo 4. EXENCIONES E BONIFICACIONES.

4.- Os vehículos das clases turismos, camións, furgóns, furgonetas, vehículos mixtos adaptables, autobuses e autocares, gozarán nos termos en que se dispón, dunha bonificación do 75% na cota do imposto, en función das características dos motores, a clase de combustible que consuma o vehículo e a incidencia da combustión no medio ambiente, sempre que cumpran as condicións e requisitos seguintes:

- a) Que se trate de vehículos híbridos (motor eléctrico-gasolina, eléctrico-diesel ou eléctrico-gas) que estean homologados de fábrica, incorporando dispositivos catalizadores, adecuados a súa clase e modelo, que minimicen as emisións contaminantes.  
Estes vehículos gozarán da bonificación durante dous anos naturais dende a súa primeira matriculación.
- b) Que se trate de vehículos novos sen matricular, clasificados como turismos de motor de gasolina ou diesel, cuxa marca e modelo se inclúan entre os vehículos máis eficientes con cualificación de Eficiencia Enerxética A) nos termos do Real Decreto 837/2002, de 2 de agosto, aplicando a bonificación durante o ano da primeira matriculación e o segundo.
- c) Que se trate de vehículos de motor eléctrico e/ou de emisións nulas, gozando da bonificación con carácter indefinido, en tanto manteñan as circunstancias de motor e emisións sinaladas.
- d) Que se trate de vehículos que utilicen como combustible biogás, gas natural comprimido, metano, metanol ou hidróxeno, gozarán da bonificación na cota durante dos anos naturais dende a súa matriculación.

Para poder gozar das bonificacións a que se refire este apartado 4 do presente artigo, os interesados deberán instar a súa concesión acompañando a ficha técnica do vehículo e a documentación acreditativa dos requisitos. En todos os supostos, se se desexa que a bonificación xurda efectos no mesmo período impositivo no que se produce a matriculación, a solicitude deberá presentarse no momento de efectuar a primeira auto-liquidación do imposto. No caso de que a solicitude se presente con posterioridade, a bonificación xurdirá efectos para o período impositivo seguinte á data de presentación de dita solicitude, non alcanzando ás cotas devengadas con anterioridade a esta.

O Servizo de Administración de Tributos, solicitará informe ó Servizo Municipal de Medioambiente nos casos en que fose necesario verificar os requisitos esixidos para a concesión desta bonificación, por non estaren claros os termos da ficha técnica do vehículo.

PUNTO 13.- Modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola recollida do lixo

Introducir no artigo 4.1 dous parágrafos 6º e 7º do seguinte teor literal:

“No caso de que nunha vivenda resida unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, aplicarase ó seu ingreso bruto o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza”.

“No caso de que nunha vivenda resida unha familia monoparental, na que só percibe ingresos o/a proxenitor/a custodio/a e os fillos non tiveran rematado o ensino obrigatorio, aplicarase ó ingreso bruto o coeficiente 0,72.

Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os fillos percibiran prestacións de carácter público con motivo de minusvalía, invalidez e similares”.

ARTIGO 5.- COTA

2.- A estrutura da tarifa é a seguinte:

D) OUTRAS ACTIVIDADES NON COMPRENDIDAS ANTERIORMENTE E ACTIVIDADES DE ALIMENTACIÓN E RESTAURACIÓN DE FACTURACIÓN SUPERIOR A 1 MILLÓN DE EUROS  
(calculada de conformidade co disposto no artigo 82.1 c) do RDL 2/2004)

Código	Concepto	Euros
138	De ata 1000 litros/día. (por cada local ou establecemento)	2.091,95 €
144	Actividades de alimentación e restauración de facturación superior a 1 millón de euros. (por cada local ou establecemento).	2.091,95 €

Sexto.- Publicar no BOP o texto correspondente as modificacións de ordenanzas fiscais e de prezos públicos aprobadas definitivamente para o exercicio 2008.

Sétimo.- Facultar á Dirección de Ingresos para a elaboración dos correspondentes textos refundidos coa finalidade da edición do libro de ordenanzas fiscais e de prezos públicos 2008.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dez horas e dous minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Álvarez

José Riesgo Boluda.

#### **DILIXENCIA:**

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión extraordinaria do Pleno do día 3 de decembro de 2007. Consta de 15 folios da serie A numerados do 1593954 ao 1593968, e números do 651 ao 665. Aprobouse na sesión ordinaria do Pleno do día 25 de febreiro de 2008

Vigo, a 25 de febreiro de 2008

-----  
S. Extraord. 03.12.07

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda